



PROXECTO 2º ESO: ESTANTERÍA BILLY

CURSO 2018-19

OBSERVAR

Ikea quiere abrir a contratación no departamento de deseño.

A primeira proba do proceso de selección consiste en realizar unha nova proposta para a estantería Billy.

Cada grupo debe presentar o seu propio deseño, planificar o traballo de construción e construílo.

DESEÑAR

O prototipo debe cumprir as seguintes condicións:


1. As dimensións da estantería non poden superar as da caixa do proxecto (aproximadamente 21 x 30 x 25 cm).
2. A estrutura da estantería debe realizarse con madeira de contraplacado de 3 ou 5 mm de espesor.
3. Cada grupo deberá tomar unha serie de decisións en relación ao deseño do frontal da estantería. Requisitos:
 - 3.1. Os elementos do frontal (portas e caixóns) deben ser móbiles.
 - 3.2. Os elementos do frontal poden realizarse con madeira de contraplacado (3/5 mm de espesor) ou cartón.
 - 3.3. Os tiradores dos elementos móbiles poden realizarse de diversos materiais, previa consulta.
 - 3.4. A colocación do estante central é fixa, pero podedes decidir a posición dos outros catro andeis.
4. Os erros de construción respecto do plano non están penalizados se son inferiores a 1 cm.
5. O deseño de cada grupo será avaliado atendendo á súa dificultade e innovación.

Buscamos información para realizar o noso deseño e finalmente construímos un prototipo en cartón.



PROXECTO 2º ESO: ESTANTERÍA BILLY

CURSO 2018-19





PROXECTO 2º ESO: ESTANTERÍA BILLY

CURSO 2018-19

Realizamos o plano do noso deseño nunha escala 1:8, o cal quere dicir que calquera das medidas do plano debe multiplicarse por 8 para coñecer as dimensións reais dunha peza da estantería comercial.

Entrégovos o plano en papel para que poidades medir sobre el e debuxar as vosas propostas de deseño para o frontal.

Medide sobre o plano e cubride a seguinte táboa:

PEZA	MEDIDAS NO PLANO	MEDIDAS REAIS
Lateral		
Cuberta		
Base		
Estante		
Traseira		

Realizade o deseño das pezas do frontal debuxándoas no plano que vos din e indicando as medidas.



PROXECTO 2º ESO: ESTANTERÍA BILLY

CURSO 2018-19

CONSTRUÍR

Tedes que completar a folla de proceso:

PEZA(medidas)	CANTIDADE	MATERIAIS	OPERACIÓNS	FERRAMENTAS	QUEN
Lateral (
Cuberta (
Base (
Estante (
Traseira (

AVISÁDEME CANDO TEÑADES REMATADO

Empregade papel cuadrulado para realizar plantillas e usádeas para marcar as diferentes pezas sobre a madeira.

AVALIAR

Unha vez rematado o proxecto, teredes que responder individualmente un cuestionario que colgarei no grupo de Classroom. Tamén podedes responder as preguntas en papel.

Na seguinte páxina tedes a planilla que utilizarei para corrixir o voso proxecto.



PROXECTO 2º ESO: ESTANTERÍA BILLY

CURSO 2018-19

DESEÑO DO FRONTAL (50p)		
Os elementos están debuxados no plano	20p	
As medidas están indicadas	20p	
Dificultade do deseño	10p	

REALIZACIÓN (até un máximo de 150p)				
	Cortar (6p)	Medidas (2p)	Acabados (2p)	
Lateral esquerdo				
Lateral dereito				
Cuberta				
Base				
Estante (5)				
Elementos do frontal				
Porta (10p) x... (máx 4)				
Caixón (30p) x... (máx 2)				

MONTAXE (130p)		
Lateral esquerdo pegado á traseira	5p	
Lateral dereito pegado á traseira	5p	
Cuberta pegada á traseira	5p	
Base pegada á traseira	5p	
Estante central pegado na estrutura	5p	
Estantes pegados na estrutura	25p	
Elementos do frontal incorporados	40p	
Os elementos do frontal funcionan correctamente	20p	
Acabados xerais	10p	

Puntuación total (sobre 320p)	
--------------------------------------	--